

## O QUE PASABA EN 1998

## NO MUNDO:




Detención de Augusto Pinochet en Londres, a instancias do xuíz español Baltasar Garzón.

O Papa visita Cuba.


Asinamento de paz en Irlanda do Norte.

Premio Nobel de literatura a Saramago.

Os devastadores furacáns Mitch e Georges causaron en 1998 mais de 13.000 mortos e 12,4 billóns en perdas.



## EN GALICIA:



Manuel Rivas publica "O lapis do carpinteiro" e Ana Romaní "Arden".

"A lingua das bolboretas" de J.L. Cuerda, baseada en tres relatos de Manuel Rivas, convértese nunha película de sona en todo o estado.

Aprobación do Plano Xeral de Ordenación Municipal de A Coruña.

O día das letras é adicado a tres poetas medievais da Ría de Vigo: Mendinho, Johan de Cangas e Martín Codax.

## EN ESPAÑA



ETA anuncia unha tregua indefinida.


Pedro Duque, primeiro astronauta español do Discovery.

Xuicios en España sobre os crimes contra a Humanidade cometidos durante os gobernos militares de Arxentina e Chile.

O fiscal pide ó Tribunal Constitucional que manteña na cadea a Barrionuevo e Vera.

Catástrofe ecolóxica en Aznalcóllar ao derramarse 5 millóns de metros cúbicos de vertidos tóxicos arrasando 4.800 hectáreas de cultivos e envelenando 20 kilómetros do cauce do Guadalimar.

## EN ELVIÑA:



## Curso 98-99

Alumnos de 2º da ESO foron á Semana Branca a Andorra.

Visitouse a exposición "A Cidade da Diferencia" coa visión do documental "Contrabaja". Organizou a Fundación Paideia.

Asistiuse á representación da obra de teatro "No hay burlas con el amor", de Calderón de la Barca, representada pola Compañía Nacional de Teatro Clásico.

O soto do noso Centro asugalouse a consecuencia das fortes choivas.

A "Ultima Lectio" corre a cargo de D. Manuel Rodríguez García, xornalista de "La Voz de Galicia".

Un grupo de alumnos de 1º e 2º representan a obra "Unha rosa é unha rosa", dirixida por Lucía Regueiro Taboada.

O Día Escolar pola Paz desenvolveuse sobre o lema "¿Conflictos? Pacíficamente, gracias." Repetiuse a campaña de Nadal de recollida de xoguete e, por primeira vez, organizouse o concurso de tarxetas.

Fíxose unha exposición co tema "Unha mirada sobre Galicia ¿ Cal é a túa?", de Xaquín Marín.

A viaxe cultural de fin de bacharelato discorre por París. A Expo-98, en Lisboa, tamén recibe a nosa visita.

Na Olimpiada de Física obtivo unha medalla o alumno David Barral.

O Premio Extraordinario de Bacharelato foi para Lucía Regueiro Taboada.

